

CASTELAO, ARTISTA GRÁFICO

Por MARINO DÓNEGA

O tódoo e o tema da miña comunicación non debe chamar a engaño. Non se pode falar dun Castelao, artista gráfico, como tampouco se pode falar dun Castelao novelista, dun Castelao dramaturgo, dun Castelao contista, dun Castelao investigador, dun Castelao orador ou dun Castelao político. ¿Por qué? Porque Castelao é un. Porque Castelao é Castelao. Parece unha perogrullada, e nona é. Reparar somentes nunha das facetas da súa esgrevia persoalidade, sería tanto como despedazala, desnaquízala. Todas e cada unha son aspectos da súa persoalidade, e en todos e en cada un deles a súa persoalidade bule enteira e verdadeira. E aínda máis. Poderíamos decir que a obra literaria ven animada polo deseño; que o dibuxo e o pensamento están en función dun ideal; e que no ideal redentor está a razón de ser de Castelao como home.

É de agardar, xa que logo, a obra que, recollendo as diferentes pezas deste maravilloso mosaico, proceda a xuntalas morosamente e, ordeándoas equilibradamente, compoña a figuración global, total, desta xenial obra galega que é Castelao. Porque, si como o propio Castelao dixo, *o arte é un, e a literatura, como a música e a pintura galega non poden ser máis que xeitos de expresión dunha mesma beleza: a da nosa terra*, así tamén Castelao —engadimos nós— sóio pode ser un: a expresión do xenio da propia Galicia.

Nacemento dunha vocación. Desenvolvemento

A primeira faceta creadora de Castelao no tempo é a de dibuxante. E do dibuxo fixo a súa primeira arma de loita contra os prexuícios, as teimas e as incompreensións que tollen a un pobo e o levaron a unha desfeita moral e material. ¿Mais cáles foron os principios de Castelao como dibuxante, como artista gráfico?

Castelao nacéu o día 30 de xaneiro do 1886. Fillo de pai mariñeiro, o neno ao pouco de nacer fica no seu Rianxo natal xunto coa nai, porque o pai, pra millor se valer —e como tantos e tantos galegos— vese na triste precisión de emigrar á Arxentina. Según Núñez Búa —autor da biografía máis completa e xeneralmente seguida de Castelao— “o neno medraba e aprendía moi depresa, e as súas mans sorprendéron axiña pola habelenza: bonecos de pau, graburas en táboas e *dibuxos* de barcos e mariñeiros tal cual”. É ista a primeira alusión que atopamos verbo do Castelao dibuxante.

O Castelao neno, que se iniciara na escola pública da súa vila natal aos sete anos, cando conta nove, xunto coa nai, emigra tamén á Arxentina, porque o pai mandáraos chamar por se ter aberto camiño na vida cun negocio que tiña montado na Pampa. Estamos no 1896.

O Castelao rapazolo bota catro anos na Pampa facéndose home cabo do pai, axudándolle no negocio e agardando por dúas irmás que alí naceron. E —según o mesmo biógrafo— nese período de tempo espertóuselle ao Castelao rapazolo a súa afición polo dibuxo por influencia da revista *Caras y Caretas* que dirixía en Buenos Aires o gran dibuxante galego, lugués de nacemento, Xosé Cao. Esta é a segunda alusión que Núñez Búa fai verbo dos orixenes dibuxísticos de Castelao. Mais sigamos coa andadura vital do noso artista.

No 1900 Castelao, xunto coa nai e as irmás, regresa a Rianxo namentras o pai demora o seu regreso en agarda de liquidar o negocio e apanar os cartos que alí ganara. Pra Castelao a emigración quedaba atrás. Logo, co paso dos anos, viría un desterro e, pra rematar, un esilio.

Castelao contaba 14 anos no 1900, data —como dixemos— do seu regreso. E nese mesmo ano, no mes de setembro, aproba o seu ingreso no Instituto de Santiago de Compostela pra cur-

sar o bachillerato. E ingresado xa no Instituto, no mes de xunio do seguinte ano esamínase, antre outras moitas asignaturas, dos dous Dibuxos, 1.º e 2.º, que figuraban no plan de estudos. E, ben fora por non andar moi solto de lápiz, ou ben por non concordar o seu criterio artístico co canon estético do profesor, Castelao foi calificado con dous simples "aprobados". O cual non deixa de ser elocuente polo moito que di a prol do ensino oficial. E haberá que lle dar a razón ao biógrafo de Castelao cando remata afirmando que o noso artista nunca tivo mestres de dibuxo, porque os que había eran profesores de academia que somentes ensinaban a dibuxar narices, orellas, ieselos, e a pintar frores, arboriños e vaquiñas.

Pois ben; rematado o bachillerato en dous cursos e medio, na convocatoria do mes de setembro do 1903 aproba Castelao o curso preparatorio de Meicina na Facultade de Ciencias. E no ano académico 1903-1904 vémosto convertido en universitario nun Sanitago, pailán e frívolo, que soio sona coa zarzuela e coa Porta do Sol, de Madrid, e no que somente dous coengos, Amor Ruibal e López Ferreiro, mantiñan o prestixio e a seriedade cultural de Santiago.

Castelao incorporóuse á vida estudantil dun xeito activo e deuse a conocer deseguida como caricaturista, acadando moita sona antre os seus compañeiros. Caricaturizóu, ridiculizándoos, a moitos dos seus profesores, o que lle custóu moitos disgustos académicos, custándolle ferro e fouce o aprobado de Anatomía. Non faltaba en ningunha tuna estudantil pra tocar a guitarra e facer caricaturas nos escenarios cara o público e diante dunha pizarra coa tiza na man.

Manuel Lustres Rivas, veciño, amigo e contertulio de Castelao neste tempo, dínos que namentras os demáis discutían a berros calquer tema literario, artístico ou sociolóxico, Castelao, calado, dibuxaba sobor do mármore das mesas caras, albres, animais, peixes e todo o que lle viña á man; e que cando enchía o tableiro cos dibuxos, chamaba ao mozo e mandáballe limpar o mármore pra seguir dibuxando. E remata Lustres afirmando que "nesa academia tan lonxana do concepto académico, empezóu Castelao a se formar artista."

Dediante deste concorde testimonio de dous amigos próximos de Castelao teremos que concluír, resumindo, que Castelao foi o mestre de dibuxo do xenial dibuxante que foi Castelao.

Quérese decir, que Castelao foi un autodidacta, como cáseque todos os homes que neste país fixeron algo que pagara a pena.

Remata Castelao a súa carreira de médico no curso académico 1908-1909, e aínda coa inercia da súa mocidade rexoubeira e vertolán inicia a súa colaboración na revista viguesa "Vida Gallega", con estampas costumbristas, chocalleiras moitas delas, e alleas sempre á temática grandiosa de Castelao e ás preocupacións patrióticas que o habían levar a morrer no esilio e a vivir para sempre no corazón dos galegos.

Neste tempo, estamos no 1910, Castelao inicia as súas colaboracións gráficas como caricaturista no semanario "El Barbero Municipal", pra combatir a política caciquil —minúscula, torpe e noxenta— do seu Rianxo natal daquel intre. Nembargante, estas colaboracións —que habían cesar no ano 1914 coa morte do semanario— apuntan xa o nacemento dunha nova estética, como logo veremos.

Mais como fora, a grandeza moral de Castelao levóuno a confesarse culpable de estravios como caricaturista na súa xuventude, como autor dos seus primeiros dibuxos humorísticos de monicreques noxentos propios "dun humorismo de taberna". Foi no ano de 1920, nunha conferencia que dictou neste mesmo salón, e dende esta mesma tribuna, sobre "Humorismo". Dibu-xo humorístico. Caricatura" na exposición das estampas do álbum "Nós". E Castelao rematou a súa severísima e pública autocrítica con ista solemne e conmovedora declaración: "Abafado de vergonza confésome culpable e renego da miña primeira mocidade."

A línea, expresión anímica do artista

¿Qué tiña ocorrido pra que Castelao en público fixera tan arrepiante confesión? Algo tan simple, e pra algúns tan difícil, como é saberse membro dunha comunidade humán con acusada persoalidade de seu e, nembargante, esmagada e abafada por malfadados avatares históricos. E dando xa un pasiño máis, decatouse el —fillo de mariñeiro— da imperiosa necesidade de correxir o rumbo dunha nave ao paio.

Despóis desta toma de conciencia e como consecuencia da crisis que padecéu, posiblemente Castelao reflexionou sobor de sí mesmo e, seguindo imperativos éticos indeclinables, púxose

ao servício do seu pobo. E puxo nese servício, coma arma de loita, o seu arte gráfico perfilando unha nova estética que atendera con eficacia e rigor ás novas esixencias que o combate a entablar demandaba. E por este camiño, Castelao chega á “caricatura social” e ao “dibuxo humorístico”, con valoración da liña configuradora nunha e noutro.

A liña, esa sucesión de puntos definida pola xeometría analítica, ven sendo o elemento configurador do dibuxo. E o dibuxo configurado pola liña é o xeito orixinal de espresar ideas. Agora ben; a liña informativa do dibuxo espresa, como grafismo, situacións anímicas do artista do mesmo xeito que o trazo na escritura —liñas que configuran letras— revela grafoloxicamente a persoa do escritor, o seu carácter, temperamento, formación, impulsos, e mesmo o funcionamento do seu fisioloxismo.

Esto, por unha banda. E por outra, a temática do espresado ao traveso do dibuxo chama tamén por un especial e específico movemento da liña, que pode se axustar a trazos amplemente circulares; formar ángulos agudos apoiados os uns aos outros envoltos en curvas parabólicas; ondularse, quebrarse, e mesmo desaparecer substituídas por manchas limitadas sobor de si mesmas.

Pois ben; esta docilidade da liña pra rexistrar o estado anímico, ou pra se axear ao que o dibuxo espresa, dáse superlativamente, como logo veremos, na obra gráfica de Castelao.

Unha nova estética. Ideario artístico

Na vella e escolástica polémica antre a liña e a cóor na pintura, Castelao inclínase decididamente pola primeira. Entende que a liña é o sustantivo, porque ven sendo o esqueleto da pintura, e por el terá esta unha forma e unha forza.

A caricatura, que ven sendo pra Castelao “unha abreviatura do dibuxo”, non é máis que “a media matemática das liñas dun dibuxo”. E debe escoller, xa que logo, “os rasgos esencialmente espresivos, e fuxir de todo o que sexa auxiliar ou accesorio”, simplicidade que debe levarnos á supresión do que non sexa espresivo.

A caricatura debe reflexar, según o propio Castelao, “unha bela calidade psicolóxica”, “a actitude e a expresión dun intre psicolóxico”, a súa idiosincrasia, e todo elo “coa máis pequena

cantidade de líneas. As indispensables pra que se comprenda a espresión.”

Avanzando un chisquiño máis, Castelao sostén que o dibuxante humorista ha ter senso crítico pra desfrangullar canto ve, e despois de descompór e analizar, esteriorizar o seu análisis.

E xa pra rematar, Castelao entende o humorismo como un xeito interpretativo, sinxelo e forte, da vida, non samente plástica, senón ideolóxica; porque así como no dibuxo puro a forma é o fin, no humorismo “é un medio pra espresar ideas”. E logo de poñer en duda que a sátira ou a ironía sexan humorismo, pensa “que diante das mágoas da Terra asoballada calquera humorista de boa cepa galega ten de converterse en satírico ou ironista”. E que si nun país ben gobernado, onde hai fartura dabondo, os humoristas non choran nin firen e “abanéanse ante un pesimismo burlón e o máis acougado optimismo”, non poderá haber optimismo “nos humoristas galegos, enraizados na Terra, namentras escoitemos os seus laios de dolor”. Mais con todo, Castelao pensa, ou maxina, que o seu pesimismo é ceibador, liberador.

Castelao é, xa que logo, consecuente cando na dicotomía *línea/cóor*, da que denantes falamos, refuga a *cóor* por entender que a súa regalia sensual distrae e “desfai a espresión moral e a significación fonda que debe ter toda obra de arte.”

E vede ahí —miñas donas e meus señores— esquemáticamente esposto o ideario estético de Castelao: a *línea*, como sustantividade; o *dibuxo*, como media matemática resultante das líneas; a *caricatura*, como abreviatura do dibuxo, espello de espresión psicolóxica; o *dibuxo humorístico*, como esteriorización crítica da realidade; e o *humorismo*, como xeito interpretativo da vida e medio pra espresar ideas. E o *Arte*, en definitiva, como espresión moral de fonda significación.

E Castelao, con este ben artellado aparato estético, que ha termar do seu Arte, de fonda significación e nidia espresión moral, ponse ao servizo do seu pobo, tomando partido polos humildes, polos oprimidos, polos que padecen inxusticia, e enceta a súa prédica patriótica tanxendo na corda máis sensible de quen contempla o dibuxo e lé a lenda posta ao seu pé. Con toda elocuencia acada, nun afán utilitario de síntesis, meter no pé dun dibuxo, unha idea que doutro xeito custaría páxinas enteiras desenvolver literariamente, como observou Luís Seoane.

O álbum "Nós"

Os dibuxos do álbum "Nós" foron compostos, asegún confesa Castelaο, entre os anos 1916 e 1918. Pois ben; o primeiro dos devanditos anos pódese indicar como data certa da incorporación de Castelaο ao galeguismo militante, reflexivo e coherente. Proba delo nola suministra o propio Castelaο cando, co gallo do sepelio de Antón Villar Ponte na Coruña, o día 4 de marzo do 1936, escribiu: "Nós asistíamos ao enterro de vinte anos da nosa vida", aludindo, sin dúbida, aos vinte anos transcurridos dende a súa inmediata adhesión ao movemento do nacionalismo galego propiciado polas "Irmandades da Fala", nadas na propia Coruña catro lustros antes —precisamente no ano 1916, no mes de marzo—, como consecuencia da chamada feita aos galegos "bós e xenerosos" por Antón Villar Ponte no seu folleto "Nuestra afirmación regional."

Castelaο incorporouse, xa que logo, á loita do nacionalismo galego coas estampas do álbum "Nós". E "non pra cantar as ledicias das nosas festas, nin a fartura dos casamentos, sinón as tremendas angurias do decotío labrego e mariñeiro", pra desacougar a conciencia adurmiñada e insensible daqueles que vivían coas costas viradas a tan moura e tristeira realidade, cegos a tan arrepiante, estarrecente realidade.

Dixemos antes que Castelaο, cando tomou conciencia do verdadeiro "ser" e "estar" de Galicia como comunidade nacional e pobo diferenciado, foi quen tamén de advertir que, entre as causas que tollían o libre e normal desenvolvemento daquela comunidade e daquel pobo, figuraba a existencia dunha estrutura socio-económica, inxusta e desaxeitada, que trouxera a fame aos membros daquela etnia.

Foi tamén Luis Seoane quen fixo notar ter sido Castelaο o primeiro na Península en introducir nas lendas dos seus dibuxos os problemas da economía, porque el sabía da importancia que estes problemas teñen para o pobo, como tamén conocía o xeito de servir a uns ideáis presentando as contradicións económicas da sociedade galega. Non se trataba sóio de reflexar a miseria do labrego e do mariñeiro —concluía Seoane—, senón tamén de establecer de xeito gráfico os motivos dese empobrecemento e a dependencia política e social á economía.

Si reparamos afincadamente e de vagar nas cincoenta es-

tampas que compoñen o álbum poderemos comprobar, en efecto, que, amáis de falar de seu elocuentísimamente cada unha delas aillada das demais, todas elas pódense considerar como outros tantos capítulos ben artellados dun tratado de teoría socio-económica. E do mesmo xeito que na infraestrutura da obra literaria de Castelao —na novela *Os dous de sempre*, poño por caso— está o dibuxo —como dixemos noutro lecer—, eiquí poderíamos decir que na infraestrutura do álbum de dibuxos está a composición literaria, entendendo a literatura no senso máis elevado e nobre da palabra. Abondaría, pra comprendelo así, coa ordeación das estampas seguindo secuencias lóxicas encamiñadas á composición dun argumento, exercicio pro que non temos vagar neste intre.

Pois ben; consecuente co ideario estético e coa filosofía de Castelao, de certo que non hai optimismo nestas estampas, porque, como xa dixera, “nos humoristas galegos enraizados na Terra nono pode haber namentras escoiten os seus laios de dóor”. Mais no prólogo que escribiu pra o álbum no ano de 1931, que foi o da súa publicación, sigue entendendo “que o pesimismo pode resultar liberador cando esperta carraxes e cobizas dunha vida máis limpa.”

E, pra remate, a línea nestes dibuxos denunciadores vémolos alporizada por momentos, quebrarse ás veces coa conseguente perda de continuidade en procura da claro-escuro, e outras faise zigzagueante e rápida, como lóstregos fulminadores. Unha línea, en suma, axeitada á meirande parte da temática denunciadora.

Fase intermedia

Castelao mantivo a súa colaboración gráfica en diferentes xornáis do país ao longo dos anos vinte, e parte dos trinta, especialmente en “Galicia”, “El Noroeste”, “Faro de Vigo” e “El Pueblo Gallego”, baixo o rubro xeneral de *Cousas da vida*, que acadaron unha enorme popularidade no país. Son dibuxos, con lendas ao pé, que non firen coma si foran coitelos, empregando unha expresión súa. Con eles fai reflexións humorísticas encol dunha temática variada, onde falan petrucios, mulleres, nenos, e mesmo tamén animais persofinicando neles sentimentos humanos.

Publica no 1926 o primeiro libro de "Cousas", equilibrando xa o dibuxo ca prosa, verdadeiras abreviaturas de contos humorísticos, tinxidos dun fondo contido sentimental. E no 1930 dá á estampa o álbum *Cincoenta homes por dez réas*, que veñen sendo outros tantos retratos realistas e satíricos duns arquetipos humanos que se poden atopar en calquer comunidade.

A línea nestes dibuxos é, polo xeneral, pura, espida, preponderantemente ondulada, acariñante, e con ela acada a meirande expresividade coa maior economía de medios que Castelao buscaba afanosamente. Unha línea, en suma, amable e sosegada e ben axustada ao pensamento que nestes dibuxos desenvolve Castelao.

Etapa final

E chegamos aos álbumes de guerra. *Atila en Galicia, Galicia Mártir e Milicianos*. Os dous primeiros aparecidos en Valencia no ano 1937 e o derradeiro en Nova York no seguinte ano. Estas estampas acadaron sona universal. Algunha, ampliada, presidiu congresos internacionais. E dúas delas, *Supervivintes* e *A derradeira lección do mestre*, foron reproducidos en sellos de Correos de Campaña no ano 1939, con valor postal de 10 e de 90 céntimos, respectivamente, figurando recollidos nos catálogos filatélicos.

Son estampas xusticieiras, anatematizadoras, implacables, terriblemente condenatorias. Eiquí a conciencia moral de Castelao, alporizada, convírtese en belixerante. As estampas pechan en sí un ataque e unha dóor. O *ataque* dirixido contra dos autores da traxedia desencadeada, e a *dóor* sentida polas vítimas inocentes desa traxedia. Nos pés dos dibuxos xa non hai humorismo. As lendas son estarrecentes e arrepiantes requiritorias en contra dunha barbarie inútil.

A línea, que nos dibuxos da fase anterior era pura, simple e graciosa, que no álbum *Nós* era ás veces rápida e zigzagueante, agora québrase violentamente, desaparece na mancha negra que suliña, dándolle patetismo á macabra escena representada. A carraxe que sinte Castelao é simultánea á carraxe da súa línea.

Xa no esilio, Castelao compuxo os seus *Dibuxos de negros*. Castelao púxose, unha vez máis, a carón dos magoados, dos

esquecidos, dos marxinados. Dcs negros. Non hai lendas. Co que se ve abonda. E vense as tristuras, as ledicias, as agardas, os traballos. A canción, a eterna canción.

A línea nestas estampas desconxúntase seguindo os ritmos das danzas afro-cubáns. E tamén unha línea danzarina, de ondulacións rítmicas, movéndose no claroescuro.

E veñen, por último, as seis estampas tiduadas *Meus Compañeiros*. Son dibuxos de cegos, de concas orbitarias valdeiras, de mirada morta, de ollos pechos. Dibuxos de xenerosa e sentida emoción, e acugulada comprensión.

As líñas curtas, de pequenos zig-zás, insistentes nos sombreiros, nas caras e nas mans tanxedoras de violíns, e apenas insinuadas dos corpos, dos cegos que denantes dibuxara en Galicia, as que conforman os dibuxos de agora siguen xa a técnica que Castelao iniciara nas estampas da guerra.

* * *

E velahí —miñas donas e meus señores— nunha apretada síntese ao Castelao como artista gráfico. Mais nin como tal, nin como artista plástico en xeneral fica esgotado, nin moitísimo menos, o estudo da súa figura xenial. Facetas súas tan importantes como as de pintor, acuarelista, grabador, afichista, escenógrafo, ilustrador e mesmo diagramador de libros, nin siquera aparecen mencionadas. As limitacións de tema —o dibuxante— e tempo —15 minutos—, así o impoñen.

Mais, resumindo, remataremos afirmando que Castelao foi sempre responsable co seu propio criterio estético; que tiña unhas pautas conceptuais encol do arte e, fidel ao seu pensamento, elaborou a súa obra con método e coherencia; e que arte, obra e vida púxoas ao servizo dunha terra e dun pobo. Este foi o herdo que Castelao nos deixou, e que ningún galego poderá aceptar a beneficio de inventario sin incurrir en gravísima responsabilidade cara ao seu país.